

CIRCULAR 23-2015

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 10.000 M EN PISTA AIRE LIBRE E DAS CATEGORIAS JUNIOR E PROMESA (TROFEO AURUM)

Ourense, 22 de Marzo

Art.1) A F.G.A e o Club Aurum organizará o Campionato de Galicia de 10.000 e das categorías junior e promesa nas pistas de Ourense o vindeiro domingo día **22 de marzo** do 2015.

Art.2) Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2014/15) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 17 de marzo do 2015.**

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Poderán participar todos os atletas clasificados entre os 15 primeiros no campionato galego absoluto de campo a través (2015) e os 8 primeiros-as das categorías junior e promesa. Tamén poderán tomar parte os 8 primeiros do ranking absoluto (da presente tempada ou tempada anterior) nas distancias de 5000, 10000, 10km ruta ou ½ maratón. No caso de non haber suficientes atletas inscritos que cumplan os requisitos de participación aceptaranse ata 20 atletas



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



dos inscritos, tendo en conta a clasificación no último campionato de Galicia de campo a través e a marca acreditada na distancia na tempada actual ou anterior.

Art.7). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8). Horario da competición:
12:00 h. 10.000 homes
13:00 h. 10.000 mulleres

Art.9) A organización otorgará premios en metálico às catro mellores marcas masculinas e femininas dos participantes (independente de si participan no campionato ou non):

- 1ª marca: 120 euros
- 2ª marca: 80 euros
- 3ª marca: 50 euros
- 4ª marca: 30

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orden, segundo as normas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 6 de marzo de 2015